

DOCUMENTO FUNDACIONAL DO INSTITUTO DE ESTUDOS ULLOÁNS (IEU)

XUSTIFICACIÓN

A Ulloa, integrada polos concellos de Antas de Ulla, Monterroso e Palas de Rei é unha comarca luguesa situada no corazón de Galicia (na aldea de Nugallás, parroquia de Santa María de Arcos, Antas de Ulla, sitúase o centro xeográfico de Galicia). Con 416 Km² de extensión, dispónse acomodada na cunca do Alto Ulla, entallada polos ríos Ulla e Pambre, en altitudes que van dos 400 m no punto máis baixo das peniplanicies aos 956 m do monte Farelo, o que repercute no seu clima, de carácter oceánico-continental, con invernos moi fríos e veráns suaves.

No eido xeográfico, amósase a Ulloa vertebrada polo río Ulla e os seus afluentes no seu curso alto. Nas comunicacións, pola estrada N-547, acceso á limitrofe Terra de Melide (A Coruña), o que a sitúa no eixe Lugo-Santiago de Compostela; pola N-640, que a aproxima á rica comarca do Deza (Pontevedra), e máis pola N-540 que a leva á veciña comarca de Chantada (Lugo). E no cultural, quen a atravesa é o Camiño de Santiago, asentado en boa parte nunha calzada romana, a vía XIX, e no que existiron dous hospitais para peregrinos, un deles en Palas de Rei, vila que é na actualidade unha das súas máis importantes paradas.

En canto ao patrimonio histórico, existen, do Neolítico, numerosos petroglifos e monumentos megalíticos que requiren a creación de parques arqueolóxicos, e estivo moi estendida, xa na Idade de Bronce, a cultura castrexa, con castros espallados por toda a comarca, algúns deles romanizados e practicamente todos eles desprotexidos. A romanización deixoulle a vía romana de Bracara a Asturica Augusta, aínda sen protección, e *villae rusticae* que foron xerme de moitas aldeas. Mais o gran desenvolvemento da Ulloa tivo lugar na Idade Media, con magníficas mostras da arte románica necesitadas de estudos e restauracións; a partir dela, e ata o século XVIII, levantáronse castelos, torres e pazos espaxados ao longo dos tres concellos, destacando especialmente o castelo de Pambre, e son tamén propias as robustas feitura da arquitectura popular.

As insurreccións carlistas e a creación dunha Junta Municipal Revolucionaria reflicten as mobilizacións sociais do XIX dunha comarca rural que, con cabeceira na vila de Monterroso, iniciou o seu declive coa emigración masiva, primeiro a América e despois, ben entrado o século XX, a España e máis a Europa, fenómeno que, xunto ao envellecemento da poboación, determinou un progresivo descenso demográfico que continúa na actualidade (de 15.448 habitantes en 1981 pasouse a 9.532 en 2014).

É tamén relevante o seu patrimonio cultural inmaterial, importante factor de mantemento da diversidade cultural fronte á globalización. Urxe a recuperación e o rexistro das tradicións orais, usos sociais e festivos, rituais, coñecementos e prácticas relativos á natureza, ao agro ou á artesanía..., todos eles elementos representativos e definitorios da identidade ulloana.

No que concirne ao patrimonio natural e paisaxístico, os recursos da Ulloa son excepcionais, polo que se precisan estudos, catalogacións e figuras de protección que permitan a súa conservación. O paulatino abandono das tarefas agrícolas e gandeiras e as destrutivas plantacións con especies alóctonas fan perigar a calidade

paisaxística e mesmo á ordenación do territorio, o que evidencia a necesidade dunha nova cultura territorial baseada no respecto aos recursos naturais e con eles á cultura tradicional e á identidade, de xeito que favoreza as dimensións económica e social do desenvolvemento sustentable. Nos últimos tempos a creación e o éxito de empresas relacionadas coa agricultura ecolóxica e as cada vez máis frecuentes actividades culturais evidencian o xurdimento dun novo agro ulloán que medra paralelo ao crecente turismo rural. Neste novo contexto, son primordiais a valoración da riqueza natural e paisaxística e o esmero na súa conservación así como a do patrimonio histórico e arquitectónico.

Créase o Instituto de Estudos Ulloáns (IEU) como resposta a esta demanda, partindo de que o coñecemento e a defensa do patrimonio cultural, natural e paisaxístico son elementos clave para a reafirmación da identidade comarcal e para a cohesión social, e son fundamentais para favorecer o desenvolvemento económico, xa que a posta en valor e a apropiada xestión do patrimonio son a base da sustentabilidade.

Non se configura o IEU como un instituto oficial senón como unha simple asociación cultural sen ánimo de lucro que responda ás novas demandas sociais e que estea ao servizo do conxunto da comunidade, sen exclusións ideolóxicas, políticas ou territoriais, e que, con criterios de independencia e de consenso, poda desenvolver o seu principal fin: o estudo, a protección e a divulgación do patrimonio natural, paisaxístico, histórico, artístico, arquitectónico, arqueolóxico, etnográfico, lingüístico, documental, bibliográfico, científico e técnico da comarca da Ulloa.



OBXECTIVOS DO IEU

-Promover a investigación, o estudo e a divulgación cultural en todo o referente ao patrimonio natural, paisaxístico, histórico, artístico, arquitectónico, arqueolóxico, etnográfico, lingüístico, documental, bibliográfico, científico e técnico dos tres concellos que integran a Ulloa.

-Fomentar a conservación e respecto polo patrimonio da Ulloa, tanto material como inmaterial, como ben cultural, natural e económico.

-Contribuír, mediante as súas actividades, á apreciación da importancia da cultura propia e dos valores patrimoniais (cultural, natural e paisaxístico) no contexto territorial da Ulloa como elemento clave de afirmación da identidade comarcal e de cohesión social.

-Asesorar e colaborar en proxectos de desenvolvemento rural sustentable baseados na relación entre cultura e natureza, en ámbitos como o turismo rural ou as empresas ecolóxicas.

-Fomentar a defensa tanto dos valores tradicionais do agro como da tendencia ecolóxica e conservacionista do novo agro ulloán en canto nova cultura territorial xurdida dos cambios funcionais e de uso que os actuais tempos e a sociedade demandan.

-Promover estudos e desenvolver actividades culturais en relación ao Camiño de Santiago.

-Colaborar e compartir informacións con todos aqueles organismos e entidades culturais e educativas cuxos fins sexan compatibles cos propios, así como con institucións europeas, estatais, autonómicas, provinciais ou locais con intereses ou fins comúns.

-Impulsar a creación do Museo Etnográfico da Ulloa.

ORGANIZACIÓN DO IEU

O Instituto de Estudos Ulloáns é unha asociación cultural de ámbito comarcal, aberta aos veciños e veciñas da Ulloa, composta por socios e que estará rexida por unha Asemblea Xeral.

Contará cunha Xunta de Goberno integrada por un Director/a, un Vicedirector/a, un Secretario/a, un Administrador/a e doce vogais, podendo formar tamén parte dela tres vogais máis representando aos tres concellos da Ulloa.

Estará organizado en dez seccións distribuídas segundo a súa especialidade:

- 1.- Historia, Arqueoloxía e Etnografía.
- 2.- Filoloxía, Literatura e Toponimia.
- 3.- Actividades artísticas e musicais. Gastronomía.
- 4.- Ciencias, Medio ambiente e Educación ambiental.
- 5.- Xeografía, Arquitectura, Urbanismo e Paisaxismo.
- 6.- Fotografía e Arquivo fotográfico e fonográfico.
- 7.- Biblioteca e Arquivo documental.
- 8.- Sala de exposicións, Visitas guiadas e Voluntariado.
- 9.- Museo Etnográfico da Ulloa.
- 10.- Economía.

ACTIVIDADES DO IEU

As actividades fundamentais do Instituto de Estudos Ulloáns (IEU) serán as seguintes:

- A publicación anual dunha Revista de Estudos Ulloáns, de carácter cultural e científico, que responda aos obxectivos do IEU, e na que se incluírán traballos de creación de autores ulloáns. Constituiranse con este fin unha Comisión de Publicacións e un Consello de Redacción que traballarán en coordinación coa Xunta de Goberno.

- A creación dunha biblioteca especializada sobre a Ulloa que abranga arquivos de imaxe, son e documentais.

- A publicación ou reedición de estudos sobre a Ulloa.
- A defensa, recuperación e posta en valor do patrimonio cultural, histórico e natural da Ulloa.
- A realización ou promoción de cursos específicos de carácter cultural, científico ou medioambiental.
- A organización de conferencias divulgativas sobre ciencia e saúde dirixidas a sectores pobacionais específicos (estudantes, terceira idade, etc.).
- A organización de exposicións, conferencias e outras actividades sobre o patrimonio e a realidade da Ulloa, así como a promoción e o apoio a actividades musicais e artísticas.
- A realización de actividades culturais relacionadas co Camiño de Santiago.
- A realización de actividades e xestións encamiñadas cara a creación do Museo Etnográfico da Ulloa.
- A colaboración con todo tipo de entidades de carácter cultural, centros de ensino ou outras asociacións e institucións con fins semellantes, principalmente do ámbito da Ulloa.

